

Texto publicado no número 167 da revista *Grial* correspondente ao terceiro trimestre de 2005.-

Carta de Croacia

Un país a espreguizarse

Xesús Constela Doce

A vella Croacia anda a espreguizarse logo dun longo letargo de séculos. Quere pasarlle un pano de limpeza á súa propia historia, tantas veces negada e tantas veces ateigada de silencios, de metralla feroz, de minas, de morte, e de todos eses absurdos que traen consigo as guerras.

Saúda a nosa chegada cunha chuvia mesta nunha estrada que necesita unha capa de asfalto urxente e unha boa cantidade de sinais para a correcta orientación dos viaxeiros. O aprendiz de botador de cartas que nos acompaña prognostica na mesa dunha taberna que habemos de voltar a casa cun bo sabor de boca. Alí mesmo aprendemos a primeira palabra dunha lingua que se nos antolla opaca e indescifrabel: *hvala*, grazas.

O país sofre unha palpábel deficiencia nas infraestruturas, o cal non é de estrañar se temos en conta que hai dez anos estaba a vivir unha guerra. Case non hai instalacións hoteleiras, así que a poboación de todas as vilas costeiras dedícase a alugar cuartos ou casas (ás veces as súas propias) a todo canto estranxeiro se lle pon diante. A paisaxe ínzase de letreiros con anuncios de alugueiros en varios idiomas, e nas entradas de aldeas e cidades, abrigados da chuvia nas marquesiñas das paradas de autobús, ou á sombra dunha árbore, atopamos grupiños de xentes cobizosas de levaren a súa casa algún turista e

así poder tirar algo de diñeiro. Deste xeito acabamos instalados na casa da familia Došen na vila de Kraljevica. O noso meigo di que as súas cartas anuncian un casamento.

Na casa dos Došen (Kraljevica).

O tarot parece acertar. Ana Marija, a filla dos Došen vai casar dous días despois da nosa chegada e a familia enteira prepárase para o gran acontecemento arrombando a entrada da casa con poliñas de hedra e fitas de gasa branca. Entrementres nós visitamos un supermercado da cadea *Konzum*, a máis estendida polo país, para ver de mercar algo que cear. A escasa variedade de produtos é patente, polo que damos en pensar que estamos en territorio virxe para todas as grandes multinacionais europeas, un bombón que con gusto van poder devorar entre todas elas. Aprendemos dúas palabras máis: *pita*, queixo e *voda*, auga.

Nun *International Herald Tribune* pendurado na porta dunha librería vemos unha foto con dous homes a tapar cadáveres con bolsas de plástico. Dous días antes da nosa chegada exhumáronse preto de Belgrado os corpos de oitenta e un albanos-kosovares. A guerra debe de ser unha das experiencias máis terribes polas que pode pasar un ser humano. Decidimos non tocar o tema cos Došen para non derramarlles a voda da filla.

Dende Kraljevica achegámonos á cidade máis importante da península de Istria, Pula, fundada polos argonautas e mencionada na *Divina comedia*.

O día non pode ser máis desastroso. Chove a caldeiros e sufrimos o primeiro encontrón coas deficientes infraestruturas. No mapa oficial que manexamos anúnciase unha autoestrada que une Pula con Rijeka. Están instaladas as sinais e construídas as peaxes. Pero a autoestrada aínda non! O

tráfico é tan intenso que temos que aturar tres horas e media de caravana até poder desfacernos do coche. Comezamos a mirar con malos ollos aos turistas italianos, que parecen querer colonizar Istria de novo, de feito foi territorio de Italia dende a Primeira Guerra Mundial até o remate da Segunda, en que foi anexionada á Iugoslavia de Tito.

Pagou a pena a caravana. Baixo a chuvia visitamos as xoias que a cidade ofrece, que non son poucas, un Templo de Augusto, unha Casa do Concello renacentista construída sobre un antigo Templo de Diana de tal xeito que na fachada posterior aínda se poden ver as columnas, e un anfiteatro romano que por dentro está baleiro porque polo visto os venecianos desmontaron as gradas porque pretendían levar o monumento enteiro para Venecia!

E de súpeto sae o sol! O noso meigo de cabeceira di que segundo o seu tarot o tempo vai mellorar, así que aproveitamos para alugarmos unhas bicicletas coas que visitar a vila de Rovinj, unha fermosura construída nunha península cun outeiro coroadado por unha catedral que sobresaie por riba das casas, construídas como en Venecia a pé do mar. Vai haber un concerto de música tradicional e a rúa está chea de xente. A animación é tremenda. Acabamos ceando nun restaurante no que se respira ambiente de Portugal cheo de galegos “a botar o bacallau”. Neste caso os únicos galegos somos nós. Os demais teñen nacionalidade italiana e os camareiros croatas fan as contas a man encol dun papel, empeñados en falaren italiano con todos os clientes foráneos. Descubrimos, xa que logo, que as hordas chegadas dende Italia non pretenden reconquistar Istria. Simplemente veñen aquí porque todo lles resulta moito máis barato.

De volta na casa dos Došen o noso aprendiz de meigo le no tarot que o tempo vai mellorar. Fracaso estrepitoso. Ao día seguinte aínda chove máis. Para colmo hai treboada e vai un vento fortísimo. A meteoroloxía xa non pode ser máis adversa. Ana Marija está cada vez máis nerviosa pola perspectiva da voda.

Debaixo da chuvia incesante achegámonos á illa de Krk, propiedade no Medievo da familia Frankopani, tan entregada á preservación das tradicións croatas que a illa chegou a gozar dunha certa autonomía a pesares das continuas guerras contra o Imperio Otomán e contra Venecia. A paisaxe é curiosa: a costa oriental é dunha aridez que abafa mentres que a occidental está repleta de piñeiros e figueiras. Chama a nosa atención que as leiras están separadas por valados de pedra coma os nosos. Chove tanto que case chegamos a sentirnos na casa. En dirección contraria á nosa hai un éxodo masivo de italianos atrapados nunha caravana infinda.

En Baška, un pobiño moi xeitoso á beira dunha praia, atopouse unha estela de pedra coa primeira inscrición croata en letras glacolíticas, orixe do alfabeto cirílico. Temos que contentarnos con ver unha foto porque está no Museo Arqueolóxico de Zagreb. Esquecemos a frustración perante uns vasiños de *žlajtina*, un delicioso viño novo elaborado na illa.

Aínda non vimos ningún coche con matrícula serbia, polo que damos en pensar (logo quedará confirmado) que son persoas non gratas. E non nos estraña. Vai ter que pasar un tempo para que as feridas da guerra cicatricen por completo. No ano noventa e un os croatas, por iniciativa do presidente Franjo Tudjman, decidiron nun referendo que querían abandonar a Federación Iugoslava. Pero as autoridades serbias non estaban dispostas a permitir

ningunha caste de secesión, polo que comezaron unha guerra feroz que se estendeu ao longo de cinco terroríficos anos. “(...) *nas tebras de Vukovar (...) / debaixo das ruínas da cidade que suplanta / ao milagre / os cabelos grises gardan os tesouros (...) dos seus Mortos*”, escribiu o poeta Vlado Gotovac no seu libro *Most* (A ponte) en honra dos habitantes de Vukovar, a cidade máis castigada no conflito.

Deixa de chover e vén un día de sol radiante. Aproveitamos para internarnos cara as montañas e visitar o Parque Nacional dos Lagos de Plívice, un capricho da natureza preto da fronteira con Bosnia que consta de dezaseis lagos enlazados entre si por unha abraiante sucesión de fervenzas. Unha palabra máis para o noso vocabulario: *jezera* (lago)

Os Došen convidánnos a pastel da voda de Ana Marija o día que deixamos a súa casa e Radio *Hravtska* retransmite música hip-hop en croata.

Camiño de Stanići facemos unha parada na cidade de Zadar, construída arredor da súa catedral de estilo veneciano nunha lingua de terra que transcorre paralela á costa. É o primeiro lugar onde as feridas da guerra son palpábeis: as fachadas das casas que dan á ría presentan terroríficos impactos de bala e as persianas están furadas polas rachas das metralletas. Arrepíanos lembrar aquelas imaxes de francotiradores apostados por tellados e azoteas a dispararen a todos aqueles que ousaban cruzar as pontes. Fóra diso a cidade está radiante. Hai como un intento colectivo de tapar esa parte da historia e ollar cara adiante.

Na casa dos Gabric (Stanići).

Con tres mil novecentos quilómetros percorridos chegamos a Stanići e temos un pequeno problema cos Gabric, a segunda familia que nos acolle: non

falamos ningunha lingua que nos sirva para comunicarnos, así que descubrimos en nós unhas dotes para a mímica das que non tiñamos coñecemento. Perante a fiestra do noso apartamento esténdense fachendosas as illas de Brač e Hvar. O aprendiz de meigo le no tarot que non imos poder visitalas por mor do mal tempo. E acerta. Vaia se acerta. Ao día seguinte da nosa chegada cae unha tromba de auga espectacular camiño de Trogir, declarada Patrimonio da Humanidade.

Pisando charcos visitamos a catedral, á que se entra por un pórtico románico esculpido por un tal Radovan, o Mestre Mateo local, e ten dunha capela que se chama das cento sesenta testas porque está toda decorada con cabezas de mármore.

Nun *restoran* aprendemos unha palabra máis: *teleći* (tenreira)

Nova tromba de auga camiño de Split, cidade natal do escritor Marko Marulić, autor no século XVI, da *Historia da Santa Viúva Xudit*, primeiro poema épico da literatura croata. Baixo a chuvia sae da catedral unha procesión que desprende un terríbel cheiro a rancio: unha Virxe tapada con plásticos levada en andas por varias parellas con traxes tradicionais e bandeiras de Croacia e do Vaticano, seguidas por unha representación das xerarquías eclesiásticas e das forzas vivas locais, ademais dun grupo de meniños de primeira comunión. Todos enchoupados! A Croacia conviñalle tamén espreguizarse deste catolicismo caduco utilizado como emblema contra ortodoxos e musulmáns nos anos da guerra.

A cidade medieval de Split está integramente construída dentro dos muros do pazo de Diocleciano (a catedral é o seu mausoleo), e a cidade nova é un caótico conxunto de construcións de estilo socialista: bloques e máis

bloques en tonalidades grisallas cheas de furadiños de balas. A reconstrución de edificios privados corre a cargo dos propietarios.

Chama a nosa atención un retrato de gran tamaño que xa vimos en varios lugares destacados do país. Trátase dun home novo uniformado de verde saudando ao estilo militar. Férvenos a curiosidade por saber de quen se trata e as cartas do noso aprendiz de bruxo non saben nada acerca do tema. Un rapaz que vende *prošek*, un licor caseiro, á beira dunha estrada explícanos que é un heroe de guerra que está fuxido nalgún lugar do país porque o reclama o Tribunal Internacional para a Antiga Iugoslavia como acusado de crimes de guerra. Da súa entrega depende o inicio de negociacións para unha futura entrada de Croacia na Unión Europea.

O tal heroe, informámonos despois, é Ante Gotovina, que organizou o asasinato de cento cincuenta serbios e a deportación de douscentos mil no ano noventa e cinco. Sospéitase que se agacha nun mosteiro franciscano pero a Igrexa Católica di non saber nada. Confírmase a nosa opinión de que Croacia aínda lle queda moito para acabar de espreguizarse.

Despedímonos dos Gabric e marchamos cara Dubrovnik. No camiño atopámonos con outro absurdo herdado da guerra: A estrada (a única estrada) transcorre por territorio bosnio ao longo de nove quilómetros! Con postos de control de pasaportes a cada beira! Marija Radović, a dona da casa que nos acolle na vila de Mlini explícanos que eses nove quilómetros son a saída ao mar que lle quedou a Bosnia Hercegovina logo do acordo de Erdut. Os bosnios, que tamén son os máis pobres, foron quen máis cousas perderon na guerra.

[Na casa de Marija Radović \(Mlini\).](#)

Dubrovnik, capital da antiga República de Ragusa, e sen dúbida a cidade máis fermosa de Croacia, preséntase perante nós coma un inferno de coches baixo unha calor sufocante. Non collen máis vehículos nas estradas e ás veces estamos a piques de darmos a volta, mais o tarot insiste en que o mellor do país está reservado para os últimos días da viaxe.

“Ía unha calor coma só pode ir no inferno. As montañas peladas de Hercegovina proxectaban encol de Ragusa o seu lume de espellos ardentes” escribiu Marguerite Yourcenar en *“O leite da morte”*. Non atopamos unha descrición máis gráfica da cidade de Dubrovnik, agachada entre inmensas montañas coma se da perla dunha ostra se tratase. Este gran tesouro de Dalmacia está construído dentro do perímetro dunhas murallas que transcorren a pé mesmo dos acantilados. Rodeada de calexos estreitos e empinados, a rúa de *Placa* está coroada pola fonte de Onofrio, que ten dezaseis testas a cuspir auga. Á súa beira érguese un convento franciscano que aloxa a farmacia máis antiga de Europa, e no canto oposto da rúa atopamos un reloxo con dúas estatuíñas de bronce que golpean cun martelo no sino que dá as horas e a Columna de Rolando, un dos emblemas da cidade, que representa a un cabaleiro que porta unha espada. Ao longo de moitos anos o seu antebrazo servía de unidade de medida para os comerciantes baixo o nome de “cóbado de Dubrovnik”.

A cidade ficou practicamente destruída na noite do once de decembro do noventa e un. Serbios e montenegrinos botaron unha auténtica chuvia de mísiles e granadas até deixárena arrasada. Hai fotos dese horror por todas partes, e mapas onde se localizan os lugares máis danados. O labor de reconstrución, moi bo, puido levarse a termo coa axuda de varios estados

europesos. Quizais conveña lembrar o lema da antiga República de Ragusa: “*Non bene pro toto libertas renditur auro*” (Nin por todo o ouro do mundo pode venderse a propia liberdade). Aí queda!

En Zagreb.

Despedímonos do país cruzándoo enteiro de novo para nos achegar até a capital, onde por fin conseguimos fuxir das riadas de italianos. A xente que nos rodea é toda croata e iso é de agradecer. Zagreb é unha cidade ateigada de xente e de vida, feliz e carente de ostentacións. Na parte alta descubrimos o barrio de Kaptol, que antes dun pavoroso incendio albergaba a antiga vila medieval, e que agora acolle ademais da catedral as máis importantes institucións do Goberno Croata, entre elas o *Sabor* ou Parlamento. Na cidade baixa, á outra beira da rúa *Ilica*, a arteria principal, o Teatro e a Biblioteca Nacionais aportan unha nota de cor a unha paisaxe chea de grandes espazos verdes.

A Croacia quédalle un longo camiño por percorrer, igual que a nós. O noso aprendiz de meigo olla nas cartas do tarot que imos ter que armarnos de moita paciencia na viaxe de regreso. Despedímonos do país baixo un sol que seca as pegadas que deixou a chuvia. Decidimos deixar que siga a espreguizarse sen que ninguén o moleste.

©Xesús Constela Doce, 2005